

EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 04/12/2018

3. Mocións.....	3
3.2 10/MOC-000115 (0040795).....	3
(0040795) Entrada da iniciativa.....	4
(0041234) Emendas dos grupos parlamentarios	7
(0041239) Emendas dos grupos parlamentarios	9
(0041253) Emendas dos grupos parlamentarios	12
3.3 10/MOC-000116 (0040799).....	14
(0040799) Entrada da iniciativa.....	15
(0041252) Emendas dos grupos parlamentarios	17
3.4 10/MOC-000117 (0040805).....	18
(0040805) Entrada da iniciativa.....	19
(0041250) Emendas dos grupos parlamentarios	22
(0041258) Emendas dos grupos parlamentarios	24
4. Proposicións non de lei ante o pleno.....	26
4.1 10/PNP-002780 (0037093).....	26
(0037093) Entrada da iniciativa.....	27
(0041248) Emendas dos Grupos Parlamentarios	31
(0041256) Emendas dos Grupos Parlamentarios	33
4.2 10/PNP-002783 (0037208).....	35
(0037208) Entrada da iniciativa.....	36
(0041251) Emendas dos Grupos Parlamentarios	38
(0041259) Emendas dos Grupos Parlamentarios	40
4.3 10/PNP-002845 (0038254).....	41
(0038254) Entrada da iniciativa.....	42
(0041254) Emendas dos Grupos Parlamentarios	46
(0041257) Emendas dos Grupos Parlamentarios	47
4.4 10/PNP-002917 (0039171).....	49
(0039171) Entrada da iniciativa.....	50
(0041238) Emendas dos Grupos Parlamentarios	53
4.5 10/PNP-002945 (0039526).....	54
(0039526) Entrada da iniciativa.....	55
(0041235) Emendas dos Grupos Parlamentarios	57
(0041245) Emendas dos Grupos Parlamentarios	60
(0041261) Emendas dos Grupos Parlamentarios	61
4.6 10/PNP-003000 (0040088).....	63
(0040088) Entrada da iniciativa.....	64
(0041262) Emendas dos Grupos Parlamentarios	69
4.7 10/PNP-003026 (0040278).....	72
(0040278) Entrada da iniciativa.....	73
(0041247) Emendas dos Grupos Parlamentarios	76
4.8 10/PNP-003031 (0040356).....	78
(0040356) Entrada da iniciativa.....	79
(0041249) Emendas dos Grupos Parlamentarios	82

3. MOCIÓN.

3.2 10/MOC-000115 (0040795)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que está a ter en Galicia a suba constante do prezo da electricidade. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 38087, publicada no BOPG n.º 354, do 12.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.11.2018)



(0040795) Entrada da iniciativa



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2018 11:36
Nº Rexistro: 40795
Data envío: 23/11/2018 11:36:19.122

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 20 de novembro, sobre a política do Goberno galego en relación co impacto en Galicia da suba constante do prezo da electricidade (doc. núm **36087**, [10/INT-001202]).

Moción

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta a:

1. Comprometerse cunha maior intensidade na defensa dos puntos acordados no Parlamento galego no Pleno do 23 de outubro e dos puntos demandados no escrito remitido polo Comité de empresa á Xunta de Galiza con data de rexistro do 30 de outubro de 2018. De forma especial, a Xunta deberá impulsar de forma inmediata a constitución dunha mesa de traballo con todas as partes implicadas para consensuar as medidas a defender buscando o garante do mantemento da actividade empresarial e o emprego, así como implicarse para achegar seguridade e permitir ao conxunto das empresas eletrointensivas competir en igualdade de condicións co resto de factorías a nivel internacional.

2. Demandar do goberno central a intervención pública en Alcoa Coruña a través da SEPI.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2018 11:36
Nº Rexistro: 40795
 Data envío: 23/11/2018 11:36:19.122

3. Constituír unha mesa de seguimento estábel participada polos sectores dependentes das poxas de interrompibilidade -cando menos organizacións sociais, representatividade das empresas, administración galega- de cara a analizar as posíbeis repercusións para Galiza de cada unha das poxas, das mudanzas no sistema de poxa de interrompibilidade, elaborar propostas para a súa modificación así como impulsar a planificación no desenvolvemento industrial e na fixación de emprego. A primeira reunión deberá convocarse inmediatamente despois da poxa de decembro de 2018, con especial atención á influencia do seu resultado na situación de Alcoa.

4. Defender a mudanza do o actual sistema de poxas de interrompibilidade por un sistema de tarifa industrial que sexa estábel no tempo e con variacións predicíbeis para a subministración da industria electointensiva, que se poderá acoller sempre e cando cumpran as seguintes condicións cuxo desenvolvemento debe ser acordado por parte do Estado coas comunidades produtoras:

- a) Disponibilidade de interrupción do subministro de ser preciso como ferramenta de xestión da demanda para dar resposta rápida e eficiente ás necesidades do sistema eléctrico.
- b) Obriga de realización de investimentos periódicos que garantan a viabilidade e modernización dos procesos produtivos, así como obriga de mantemento do emprego e do nivel adquisitivo dos cadros de persoal.
- c) Obriga de presentación dun Plan de Desenvolvemento Industrial por cada período de cinco anos, para cuxa revisión anual deberán ser arbitrados mecanismos de seguimento por parte da administración.

5. Defender que as peaxes e cargos desta tarifa industrial sexan diferentes en cada Comunidade Autónoma en base á súa condición de excedentaria ou deficitaria na



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2018 11:36
Nº Rexistro: 40795
Data envío: 23/11/2018 11:36:19.122

produción de enerxía eléctrica, beneficiándose con peaxes máis baixas aquelas comunidades que son exportadoras netas de electricidade, en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción.”

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 23/11/2018 11:35:01

Ana Pontón Mondelo na data 23/11/2018 11:35:07

(0041234) Emendas dos grupos parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 41234
Data envío: 03/12/2018 14:29:12,360



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** de Modificación á **Moción**, doc. núm. **40795**, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que está a ter en Galicia a suba constante do prezo da electricidade, incluída na orde do día da sesión plenaria do 4 de decembro de 2018.(10/MOC-000115).

Emenda nº 1 de Modificación


Débase substituír o texto do punto 2, da parte resolutiva, polo seguinte:

2.- No caso de que Alcoa insista na súa intención de pechar a factoría de A Coruña, instar ao Goberno do Estado a utilizar o artigo 128.2 da CE para asumir a xestión da compañía a través da SEPI en tanto non se consiga unha alternativa industrial con garantías suficientes de futuro a longo prazo da actividade industrial e o mantemento do emprego.

Emenda nº 2 de Modificación

Débase substituír o texto do punto 5, da parte resolutiva, polo seguinte:

5.- Defender ante o Ministerio de Transición Ecolóxica e ante a Unión Europea, para a modificación das Directivas que o fixeran posible, que as peaxes e cargos desta tarifa industrial sexan diferentes en cada Comunidade Autónoma en base á





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 41234
Data envío: 03/12/2018 14:29:12.360



súa condición de excedentaria ou deficitaria na produción de enerxía eléctrica, beneficiándose con peaxes máis baixas aquelas comunidades que son exportadoras netas de electricidade, en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal
Deputado do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 03/12/2018 14:27:44

Luis Villares Naveira na data 03/12/2018 14:27:54

CSV: REXISTRO-498.Jos.MT-9
Verificación:
<https://seccs.parlamentodegalicia.gal/fran/ver/csv/>



(0041239) Emendas dos grupos parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2018 17:12:02
Nº Rexistro: 41239
Data envío: 03/12/2018 17:12:02,463

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, **Abel Losada Álvarez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que está a ter en Galicia a suba constante do prezo da electricidade (10/MOC-000115, doc. núm. 40795)

Emenda de modificación

Débese substituír a parte resolutiva da moción polo seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar na Cámara galega, abrindo a participación aos grupos parlamentarios, no primeiro trimestre de 2019, as *Directrices Enerxéticas de Galicia 2018-2020*, recollidas xa no *Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020* coa pertinente periodificación, e nas que se recollan as consideracións pertinentes sobre o papel das industrias electrointensivas no tecido industrial galego.
2. Desenvolver un plan específico que permita executar na súa totalidade os orzamentos dedicados os mecanismos de apoio as empresas e familias correspondentes ao programa orzamentario *733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables*, contemplado no Proxecto lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.
3. Demandar á empresa Alcoa a súa reconsideración e retirada do expediente de extinción de emprego sobre a totalidade da plantilla na súa factoría de A Coruña, tentando buscar solucións, entre tódolos axentes políticos, económicos e sociais afectados que permitan o mantemento da produción e o emprego nesa factoría.
4. Demandar ao Goberno de España:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 03/12/2018 17:12:02
Nº Rexistro: 41239
 Data envío: 03/12/2018 17:12:02,463

4.1. Que desenvolva un novo marco normativo para o sector eléctrico, incluídos os ámbitos fiscais, que permita impulsar as enerxías renovables e garantir un aprovisionamento estabilizado de enerxía a un prezo razoable, xusto e estable; tanto para as persoas consumidoras, como para as instalacións industriais. Sempre nun modelo de transición enerxética máis racional e sustentable ambiental e economicamente.

4.2. Que estableza unha negociación para evitar que as persoas consumidoras galegas de enerxía eléctrica teñan que asumir as consecuencias económicas das sentenzas sobre os suplementos territoriais para o exercicio de 2013.

4.3. Que realice as actuacións necesarias para proceder ás modificacións lexislativas na *Lei 24/2013, do 26 de decembro, del sector eléctrico* e nas Ordes *IET/221/2013, do 14 de febreiro* e *IET/1491/2013, do 1 de agosto*, aprobadas polo anterior goberno de España respecto aos suplementos territoriais para o exercicio 2013; co obxectivo de que aqueles impostos de carácter medioambiental establecidos pola Administración autonómica teñan que ser asumidos polas compañías titulares das instalacións ou actividades afectadas. Todas elas con elevados beneficios empresariais, e non sexan aboados ou repercutidos ás persoas consumidoras.

4.4. Que estableza as fórmulas axeitadas para que as industrias con alto consumo de enerxía poidan acceder ao mercado de enerxía en condicións similares ás doutros países da Unión Europea.

4.5. Que estableza, no marco da Lei de Cambio Climático e de Transición Enerxética, e con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado políticas públicas de axuda á industria electrointensiva, ao amparo das Directrices da Comisión Europea sobre axudas estatais en materia de protección do medio ambiente e enerxía 2014-2020.

4.6. Que reclame ante a Unión Europea a posta en marcha de fondos europeos para compensar os custos das empresas con alto consumo enerxético (industria electrointensiva) e para incentivar a transición enerxética a baixas emisións de carbono e fomentar a economía circular.

4.7. Que revise o actual mecanismo de interrumpibilidade e de capacidade, co obxectivo de facelo máis competitivo e transparente:



CSV: REXISTRO-11yGNF-8
 Verificación:
<https://seccs.parlamentodegalicia.gal/franquea/csv/>



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 03/12/2018 17:12:02
Nº Rexistro: 41239
 Data envío: 03/12/2018 17:12:02.463

4.7.a. Desenvolvendo unha metodoloxía para calcular as necesidades de cobertura, en lugar de introducir a consideración do volume de interrumpibilidade como un dato de partida na análise desa cobertura.

4.7.b. Simplificando o deseño e aumentar a presión competitiva das poxas, ben desagregando o produto, ou ben permitindo agregacións dos provedores de 5MW.

4.7.c. Modificando os criterios de activación económica para que se faga maior uso do mecanismo, o que suporá unha redución do custo do servizo.”

Pazo do Parlamento, 3 de decembro de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
 Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
 Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/12/2018 16:19:26

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/12/2018 16:19:32

CSV: REXISTRO-11/yGNF-8
 Verificación:
<https://seccs.parlamentodegalicia.gal/franquea/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
 Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



(0041253) Emendas dos grupos parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2018 18:06:30
Nº Rexistro: 41253
Data envío: 03/12/2018 18:06:30.057

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa da deputada Marta Novoa Iglesias, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta a seguinte emenda á Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, “Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que está a ter en Galicia a suba constante do prezo da electricidade.” (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 38087, publicada no BOPG n.º 354, do 12.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.11.2018). (10/MOC-000115 (40795)).

Emenda de substitución

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Continuar na defensa dos puntos acordados no Parlamento galego no pleno do 23 de outubro e dos puntos demandados no escrito remitido polo Comité de Empresa de Alcoa á Xunta de Galicia e o Goberno de España con data de rexistro de 30 de outubro de 2018.

Neste contexto, seguirá a impulsar unha unidade de acción para garantir o mantemento da actividade empresarial e o emprego en Galicia entre a empresa, os traballadores e as administracións públicas

2.- Continuar a promover perante o Ministerio para a Transición Ecolóxica o desenvolvemento dun estatuto da industria electrointensiva, unha poxa eléctrica inmediata con estabilidade no tempo e os mecanismos compensatorios adicionais necesarios para as estas empresas teñan a posibilidade de competir en igualdade de condicións co resto de factorías a nivel internacional.”

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-NSPqPae1u-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramites/csv/





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2018 18:06:30
Nº Rexistro: 41253
Data envío: 03/12/2018 18:06:30.057

Pedro Puy Fraga na data 03/12/2018 16:39:06

Marta Novoa Iglesias na data 03/12/2018 16:39:17

CSV: REXISTRO-SPQ-Pe1U-9
Verificación:
<https://sedes.parlamentodegalicia.gal/franquea/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

3.3 10/MOC-000116 (0040799)

Grupo Parlamentario de En Marea - Eva Solla Fernández

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dotación de medios humanos e materiais dos servizos de urxencias dos centros hospitalarios. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 27682, publicada no BOPG n.º 280, do 21.03.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.11.2018)

(0040799) Entrada da iniciativa



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para a substanciación da **Interpelación 27682 (10/INT-000892)** debatida na sesión plenaria do 20 de novembro 2018, sobre a política do Goberno galego en relación coa dotación de medios humanos e materiais dos servizos de urxencias dos centros hospitalarios.

MOCIÓN:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Incrementar os efectivos profesionais nos servizos de urxencias tanto de atención primaria como de atención especializada de xeito permanente, acordando coas representantes sindicais das e dos traballadores as melloras necesarias no inmediato.
- Proceder á apertura das plantas e alas inoperativas de xeito permanente, dotándoas co persoal necesario para absorber as necesidades de ingresos hospitalarios.
- Establecer protocolos para asistencia ás persoas pendentes de ingreso.
- Atender con carácter urxente, o incremento de efectivos de persoal nas urxencias do CHUS, demandados pola Xunta de Persoal, así como a substitución do 100% das ausencias e o cumprimento dos requirimentos da Inspección de Traballo.
- Elaborar un Plan funcional para as urxencias do CHUS negociado coa Xunta de Persoal.



- Repoñer o material obsoleto nos hospitais do Servizo Galego de Saúde, con especial atención ao material das urxencias do CHUS.”

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 23/11/2018 12:45:53

Luis Villares Naveira na data 23/11/2018 12:46:02



(0041252) Emendas dos grupos parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado, **Julio Torrado Quintela**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á Moción** do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dotación de medios humanos e materiais dos servizos de urxencias dos centros hospitalarios (10/MOC-000116, doc. núm. 40799)

Emenda de adición

Débese engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da moción que quedará redactado co seguinte contido:

“ - Asumir as recomendacións indicadas e publicadas pola SEMES-Galicia, e facilitar publicamente de maneira anual os rexistros dos indicadores que se establecen para avaliar o funcionamento dos servizos de urxencias dos centros hospitalarios de Galicia.”

Pazo do Parlamento, 3 de decembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 03/12/2018 17:58:21

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/12/2018 17:58:26



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

3.4 10/MOC-000117 (0040805)

Grupo Parlamentario de En Marea - Paula Quinteiro Araújo
Grupo Parlamentario de En Marea - Luca Chao Pérez

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais das mulleres que traballan limpando pisos, hoteis e apartamentos. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 38579, publicada no BOPG n.º 371, do 16.10.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.11.2018)



(0040805) Entrada da iniciativa



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Paula Quinteiro Araújo e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Moción para substanciar a Interpelación doc. núm. 38579, sobre a política do Goberno galego en relación coas condicións laborais das mulleres que traballan limpando pisos, hoteis e apartamentos, que foi tratada na sesión plenaria do día 20 de novembro de 2018. (10/INT-001276).

MOCIÓN

A) O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un estudo, incorporando a perspectiva de xénero, en materia de saúde laboral en relación ás condicións ergonómicas e psicosociais, avaliando as condicións de traballo que se dan nos hoteis e albergues en Galicia.
2. Impulsar o diálogo social entre a patronal do sector e as organizacións sindicais para solventar os problemas actuais e rematar coa situación de precariedade laboral.
3. Condicionar a concesión de axudas a establecementos hoteleiros ao cumprimento das condicións de traballo das camareiras de piso, verificado a través de inspeccións de traballo. Será requisito indispensable para a percepción destas axudas non ter sido obxecto anteriormente de sancións efectivas impostas polas Inspección de Traballo por delitos contra a seguridade ou a saúde das súas traballadoras e traballadores.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2018 13:53
Nº Rexistro: 40805
Data envío: 23/11/2018 13:53:09.068



4. A creación dun selo de calidade para os hoteis e albergues co obxectivo de combater a precariedade que se dá neste sector e incentivar un novo modelo laboral e turístico. As empresas, para recibir este, deberán cumprir coa aplicación do convenio colectivo do sector, e coa actual lexislación en materia de prevención e riscos laborais, e en materia de igualdade. Ademais non externalizarán aqueles servizos que son necesarios para o funcionamento diario do establecemento hoteleiro; tales como o servizo de limpeza.

B) O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno central a que:

- 1.-Se aumente o número de inspectores e inspectoras de traballo e seguridade social en Galicia. Así como as inspeccións que se levan adiante no sector turístico e que afectan ás condicións laborais das traballadoras.
2. Se modifiquen as condicións de xubilación anticipada para aquelas traballadoras que non poidan continuar exercendo o seu traballo debido as doenzas derivadas dunha excesiva carga de traballo.
3. Se derroguen as últimas reformas laborais que establecen unha perda de dereitos de negociación colectiva que afectan especialmente a un sector tan precarizado coma este, e que favorecen a externalización.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2018 13:53
Nº Rexistro: 40805
Data envío: 23/11/2018 13:53:09.068

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 23/11/2018 13:51:39

Luca Chao Pérez na data 23/11/2018 13:52:08

Luis Villares Naveira na data 23/11/2018 13:52:16

(0041250) Emendas dos grupos parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Moción do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais das mulleres que traballan limpando pisos, hoteis e apartamentos (doc. núm. 40805).

Emenda de adición

Na letra A), punto 3, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

“... . Igualmente, deberá ser valorado no marco laboral a compoñente de estabilidade no emprego.

Emenda de modificación

Proponse unha nova redacción para os puntos 1, 2 e 3 da letra B, que terán o seguinte contido:

“1. Se aumente o número de inspectores e inspectoras de traballo e seguridade social en Galicia, en consonancia co contemplado no Plan director por un emprego digno, aprobado polo Goberno do Estado. Así como as inspeccións que se levan adiante no sector turístico e que afectan ás condicións das traballadoras.


2. Se inicie e axilice o procedemento de análise das condicións de traballo do sector de cara a posibilitar o recoñecemento da xubilación anticipada en función da natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre, para as traballadoras no sector turístico de hoteis e albergues.

3. Se derroguen as partes máis lesivas da reforma laboral de 2012.”

Pazo do Parlamento, 3 de decembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2018 17:39:56
Nº Rexistro: 41250
Data envío: 03/12/2018 17:39:56.780

Patricia Otero Rodríguez na data 03/12/2018 17:17:41

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/12/2018 17:17:56

CSV: REXISTRO-BUX/8CUV-0
Verificación:
<https://seccs.parlamentodegalicia.gal/franquea/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



(0041258) Emendas dos grupos parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2018 18:15:50
Nº Rexistro: 41258
Data envío: 03/12/2018 18:15:50,922

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa da deputada Cristina Romero Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta a seguinte emenda á Moción do Grupo Parlamentario de En Marea, “Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais das mulleres que traballan limpando pisos, hoteis e apartamentos.” (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 38579, publicada no BOPG n.º 371, do 16.10.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.11.2018). (10/MOC-000117(40805)).

Emenda de substitución

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Demandar do Goberno do Estado que continúe co estudo e as medidas que está levando a cabo en relación ás condicións de traballo que se dan no sector do aloxamento turístico e particularmente nos hoteis, incorporando a perspectiva de xénero.
2. Impulsar o diálogo social entre a patronal e as organizacións sindicais para mellorar a calidade do emprego no sector turístico, con especial fincapé en posibles colectivos en risco por prexuízos de xénero.
3. Reunirse cos representantes do sector turístico, creando un grupo de traballo específico en materia de xénero, que impulse medidas no ámbito da sensibilización, da formación e da aplicación de criterios de contratación que protexan aos colectivos en risco.
4. Solicitar do Goberno do Estado o reforzo do plan de inspección das condicións laborais no sector turístico ao abeiro do Plan Director polo Traballo Digno.”

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2018

CSV: REXISTROnXdtZUg-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramtes/csv/



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2018 18:15:50
Nº Rexistro: 41258
Data envío: 03/12/2018 18:15:50.922

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/12/2018 18:15:20

Cristina Isabel Romero Fernández na data 03/12/2018 18:15:24

CSV: REXISTRO-XdITZu/g-9
Verificación:
<https://sedes.parlamentodegalicia.gal/ramtas/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

4. PROPOSICIÓNS NON DE LEI ANTE O PLENO.

4.1 10/PNP-002780 (0037093)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Raquel Arias Rodríguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - César Manuel Fernández Gil
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jacobo Moreira Ferro
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Isabel Novo Fariña
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Antonio Mouriño Villar
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Alberto Pazos Couñago
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Paula Prado del Río
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Julia Rodríguez Barreira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Guadalupe Murillo Solís
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Moisés Blanco Paradelo

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, no que atinxe aos artigos referidos ao exercicio do voto polos españois residentes no exterior

(0037093) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2018 13:28
Nº Rexistro: 37093
Data envío: 19/09/2018 13:28:32.885

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, M^a Julia Rodríguez Barreira, Guadalupe Murillo Solís e Moisés Blanco Paradelo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Durante o Goberno socialista de José Luis Rodríguez Zapatero modificouse, mediante a Lei Orgánica 2/2011, de 28 de xaneiro, o artigo 75 e suprimíuse o artigo 190, ambos da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral.

Desta forma, os cambios lexislativos introduciron o réxime vixente, que se aplica ás eleccións ás Cámaras das Cortes Xerais, ás das asembleas das Comunidades Autónomas e ás do Parlamento Europeo para electores inscritos no CERA, que pasou a ser o coñecido como sistema de voto rogado, tal e como acontecía no sistema establecido ata o ano 2011 para exercer o dereito a voto nas eleccións municipais.

Neste sistema de voto rogado adquire una vital importancia para o seu bo funcionamento, por un lado, a actuación da Administración Exterior española, e por outro, sigue dependendo dos servizos postais dos países de residencia. A experiencia dende a súa implantación é que se trata de un proceso ineficiente ademais de que impide, de facto, exercer o dereito a voto de miles de españois residentes no exterior.

Dende as primeiras eleccións xerais nas que se aplicou este sistema en 2011, ata os últimos comicios xerais celebrados o 26 de xuño de 2016, a caída da participación dos electores foi moi significativa, poñendo de manifesto as importantes deficiencias do sistema de voto rogado.



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2018 13:28
Nº Rexistro: 37093
Data envío: 19/09/2018 13:28:32.885

Así, e segundo a información publicada pola Xunta Electoral Xeral nos comicios xerais de 2008, con 1.205.149 electores censados, chegaron a ser escrutados os votos do 31,88% dos electores do CERA. Pola contra, nas eleccións xerais de 2016, dos 1.924.087 electores inscritos no CERA, só o 8,78% conseguiron solicitar o voto en forma e prazo e só o 6,30% lograron exercer o seu dereito.

Sen dúbida, este sistema menoscaba de forma grave o dereito de sufraxio de todos os españois residentes no exterior, polo que o Partido Popular de Galicia ten manifestado de forma reiterada o seu compromiso a favor da reforma da LOREG, co obxecto de mellorar a participación electoral dos españois residentes no exterior.

Así foi manifestado, sen ir máis lonxe, no programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria da cidadanía galega e no que se recollía expresamente o compromiso de: “Seguir defendendo ante o Parlamento e o Goberno de España a necesidade da eliminación da solicitude de voto (ou voto rogado) na Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral e adoptar as medidas necesarias para equipar o procedemento e garantías no exercicio do voto dos españois residentes ausentes ao conxunto dos electores españois”.

Alguns dos puntos máis destacables que apostamos por reformar son:

- Eliminación da solicitude (rogo) do voto para os electores residentes no estranxeiro nos procesos electorais no Estado español nos que teñen dereito a participar.
- Explorar e combinar todas as posibilidades para mellorar a participación electoral, facendo efectivos todos os mecanismos que sexan precisos para o exercicio do dereito ó sufraxio coas mesmas garantías que teñen os cidadáns residentes en España.
- Simplificar o procedemento, estudando as distintas posibilidades que favorezan a eficiencia e a axilidade.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2018 13:28
Nº Rexistro: 37093
Data envío: 19/09/2018 13:28:32.885

En definitiva, ante unha situación de tal inxustiza cos nosos concidadáns residentes no exterior promovida polo Goberno socialista do presidente Rodríguez Zapatero no ano 2011, só cabe unha nova reforma da LOREG na que se corrixa esta situación e se posibilite o exercicio real e efectivo do seu dereito a sufraxio.

O Grupo Parlamentario Popular, diante desta situación, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ó Goberno do Estado que modifique, con carácter de urxencia, a Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, nos artigos referidos ó exercicio do voto polos españois residentes no exterior, para que poidan exercer o seu dereito a voto coas mesmas garantías que os residentes no territorio español, eliminando a solicitude (rogo) do voto, combinando todas as posibilidades de participación electoral que sexan posibles e simplificando o procedemento en beneficio da eficiencia e a axilidade”.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 19/09/2018 13:25:25

Raquel Arias Rodríguez na data 19/09/2018 13:25:33

César Manuel Fernández Gil na data 19/09/2018 13:25:43

Jacobo Moreira Ferro na data 19/09/2018 13:25:46

María Isabel Novo Fariña na data 19/09/2018 13:25:55

Antonio Mouríño Villar na data 19/09/2018 13:26:04

Alberto Pazos Couñago na data 19/09/2018 13:26:12

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2018 13:28
Nº Rexistro: 37093
Data envío: 19/09/2018 13:28:32.885

Paula Prado Del Río na data 19/09/2018 13:26:33

María Julia Rodriguez Barreira na data 19/09/2018 13:26:40

María Guadalupe Murillo Solís na data 19/09/2018 13:26:48

Moisés Blanco Paradelo na data 19/09/2018 13:26:55

(0041248) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Partido Popular de Galicia sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, no que atinxe aos artigos referidos ao exercicio do voto polos españois residentes no exterior (doc. núm. 37093).

Emenda de Modificación

Proponse unha nova redacción para a parte resolutiva da iniciativa que terá o seguinte contido:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar dos grupos políticos presentes no Congreso dos Deputados, e no marco dos traballos que está a rematar a Subcomisión para a Reforma Electoral creada no seo da Comisión Constitucional, o acordo para a modificación urxente da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos artigos referidos ao exercicio do voto polos españois residentes no exterior, para que poidan exercer o seu dereito a voto coas mesmas garantías que os residentes no territorio español, eliminando a solicitude (rogo) do voto, combinando todas as posibilidades de participación electoral que sexan posibles e simplificando o procedemento en beneficio da eficiencia e a axilidade.”

Pazo do Parlamento, 3 de decembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/12/2018 17:27:26

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2018 17:38:37
Nº Rexistro: 41248
Data envío: 03/12/2018 17:38:37.798

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/12/2018 17:27:37



CSV: REXISTRO-WYvdtT-9
Verificación:
<https://seccs.parlamentodegalicia.gal/franquea/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

(0041256) Emendas dos Grupos Parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2018 18:13:43
Nº Rexistro: 41256
Data envío: 03/12/2018 18:13:43,433

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **37093 [10/PNP-002780]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, no que atinxe aos artigos referidos ao exercicio do voto polos españois residentes no exterior, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 4 de decembro de 2018.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a reclamar diante do Goberno español a adopción das medidas necesarias que permitan o exercicio do dereito a voto do persoal embarcado na frota pesqueira de altura, grande altura e da mariña mercante.”

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2018 18:13:43
Nº Rexistro: 41256
Data envío: 03/12/2018 18:13:43.433

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 03/12/2018 17:29:28

Ana Pontón Mondelo na data 03/12/2018 17:29:34

CSV: REXISTRO-44279vd-9
Verificación:
<https://seccs.parlamentodegalicia.gal/franquesa/>



4.2 10/PNP-002783 (0037208)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Luis Manuel Álvarez Martínez

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María Luisa Pierres López

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos servizos de “transporte á demanda” que se están a prestar nas zonas rurais máis desatendidas

(0037208) Entrada da iniciativa



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, e da súa deputada, María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Hai varios anos púxose en marcha desde a Xunta de Galicia o servizo de transporte público para persoas viaxeiras baixo a denominación do “*transporte a demanda*”, sendo a súa efectividade para Galicia moi baixa.

Se na normativa, obxectivos e literatura na planificación sobre o transporte regular de competencia autonómica, se establece unha aposta pola implantación de tales servizos a demanda, o certo é que os logros acadados son insignificantes.

Segundo a propia Xunta de Galicia, “*desde o 22 de decembro de 2017 ata finais de xullo de 2018, recibíronse 1.662 chamadas*”. Pero non dá a coñecer o dato realmente válido, que sería cantas desas chamadas tiveron a súa correspondencia cun servizo efectivamente prestado.

Aínda así, soamente o total de persoas viaxeiras sobre a base dos novos contratos realizados para o transporte regular en igual período (de sete meses) é da orde de 1.500.000 persoas, polo que os servizos de transporte a demanda representarían, incluso no caso de terse prestado todos os demandados, o 0,1 % soamente, unha porcentaxe insignificante.

O dato contrasta igualmente cos servizos de transporte á demanda levados a cabo noutras comunidades autónomas, nomeadamente en Castela – León, tamén cunha gran poboación no rural, onde foron máis de 51.000 as persoas beneficiarias destes servizos de transporte a demanda durante o ano 2017.

Os anuncios da Xunta de Galicia parecen pois corresponder máis a unha estratexia propagandística que á verdadeira prestación dun servizo eficaz; o certo é que existe unha auténtica desatención de moitas áreas territoriais o que supón



 Grupo Parlamentario

que se deixa sen resposta e solución a auténtica mellora dos servizos de transporte de competencia autonómica en moitas das áreas territoriais galegas.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a potenciar e levar efectivamente a cabo os servizos de transporte a demanda, co obxecto de garantir a mobilidade das persoas nas zonas rurais máis desatendidas, rematando coa insignificancia que actualmente representan.

Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/09/2018 11:44:08

María Luisa Pierres López na data 20/09/2018 11:44:16

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/09/2018 11:44:24

(0041251) Emendas dos Grupos Parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2018 17:52:11
Nº Rexistro: 41251
Data envío: 03/12/2018 17:52:11,900



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado Marcos Cal Ogando e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á Proposición non de lei, doc. núm. 37208**, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos servizos de “transporte á demanda” que se están a prestar nas zonas rurais máis desatendidas; incluída na orde do día da sesión plenaria do 4 de decembro de 2018.(10/PNP-002783)

EMENDA DE ADICIÓN

Débese engadir un novo punto na parte resolutiva:

“- O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a constituír unha Mesa polo transporte para continuar definindo o Plan de Transporte por estrada; debendo formar parte desa mesa os representantes dos traballadores, das empresas, das ANPAS, das deputacións e dos concellos, ademais da Xunta de Galicia”

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Deputado do G.P de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2018 17:52:11
Nº Rexistro: 41251
Data envío: 03/12/2018 17:52:11.900



Marcos Cal Ogando na data 03/12/2018 17:50:50

Luis Villares Naveira na data 03/12/2018 17:51:14

CSV: REXISTRO-m0BaeM-8
Verificación:
<https://seccs.parlamentodegalicia.gal/franquea/csv/>





(0041259) Emendas dos Grupos Parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2018 18:20:41
Nº Rexistro: 41259
Data envío: 03/12/2018 18:20:41.115

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa do deputado Martín Fernández Prado, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte emenda á proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia "Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos servizos de "transporte á demanda" que se están a prestar nas zonas rurais máis desatendidas." (10/PNP-002783(37208))

Emenda de substitución

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a potenciar os servizos de transporte a demanda dentro da segunda fase do plan de Transporte Público de Galicia, co obxecto de continuar a garantir a mobilidade das persoas nas zonas rurais máis desatendidas".

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/12/2018 16:39:32

Martín Fernández Prado na data 03/12/2018 16:39:42

CSV: REXISTRO-YBEDDQ4c-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramos/csv/



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

4.3 10/PNP-002845 (0038254)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María Dolores Toja Suárez

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Patricia Otero Rodríguez

Sobre a elaboración por parte do Goberno galego dun plan integral de formación náutico-pesqueira para a Mariña lucense



(0038254) Entrada da iniciativa



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa das súas deputadas, Patricia Otero Rodríguez e María Dolores Toja Suárez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O sector pesqueiro da Provincia de Lugo é un dos principais motores económicos da Comarca da Mariña, onde se atopan dous dos portos máis grandes de Galicia : Burela e Celeiro, sen esquecer ó resto de portos da Comarca: Ribadeo, Foz, San Cibrao e O Vicedo.

Burela e Celeiro destacan, no só polo volume de vendas das súas lonxas, senón tamén pola súa importante flota, no que hai que salientar o elevado número de buques de gran tonelaxe, moitos deles faenando en augas internacionais e comunitarias, o que implica a necesidade de maior número de titulados náuticos-pesqueiros, así como un maior nivel de formación.

A demanda de persoal con formación para o sector pesqueiro vai en aumento e, como podemos ver no informe do SEPE do 1º, 2º e 3 trimestre do ano 2018 en Lugo, dentro das ocupacións de difícil cobertura a maioría destas son de profesionais do mar, pero non se trata dunha necesidade puntual senón que se mantén no tempo como se pode comprobar ao ver o histórico destes informes.

As actividades en materia educativa están transferidas á Comunidade Autónoma de Galicia segundo Real decreto 523/2006 do 5 de maio (BOE n.º 123 do 24 de maio).

Se analizamos a oferta de formación para titulados de Ponte e Máquinas en Galicia, vemos que contamos cun centro de FP, onde se imparten ciclos da familia Marítimo-Pesqueira, todos eles na provincia da Coruña e Pontevedra.

Os certificados de profesionalidades regulados polo RD 34/2008, do 18 de xaneiro, son o instrumento de acreditación oficial das cualificacións profesionais do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais no ámbito da Administración laboral.

Acreditan o conxunto de competencias profesionais que capacitan para o desenvolvemento dunha actividade laboral identificable no sistema produtivo sen que iso constituía unha regulación do exercicio profesional.



Teñen carácter oficial e validez en todo o territorio nacional e son expedidos polo SEPE e os órganos competentes das CCAA.

Debemos de ter en conta tamén que os profesionais do mar deben de contar cos certificados de especialidade, que teñen por obxecto completar ou perfeccionar a formación en determinados temas relativos á seguridade ou habilitar para exercer determinadas funcións ou especialidades nos buques. Trátase de cursos, que unha vez realizados, tamén deben de ser actualizados periodicamente.

A Orde do 31 de xullo de 2014, pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a obtención das titulacións de mariñeiro/a, pescador/a, patrón/oa local de pesca e patrón/oa costeiro/a polivalente da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 2 que a autorización, organización, seguimento, control e avaliación dos cursos e actividades formativas reguladas nesta orde, correspóndelle á Consellería en materia de pesca a través da Dirección Xeral con competencias en materia de ensino náutico e marítimo-pesqueiro.

Así mesmo, a disposición derradeira primeira desta orde faculta á Dirección Xeral con competencias en materia náutico e marítimo-pesqueira para ditar as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento.

A Resolución do 15 de setembro de 2016 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, establece a modalidade de Teleformación para a obtención da titulación profesional náutico-pesqueira de mariñeiro-pescador.

Se nos centramos na situación da formación Náutico-Pesqueira na Mariña lucense a situación é penosa, posto que:

- 1.- Non existe ningún centro que imparta Formación Profesional da familia Marítimo-Pesqueira, concentrándose todas as escolas nas Provincias da Coruña e Pontevedra.
- 2.- Non se está impartindo na actualidade ningún Certificado de Profesionalidade do sector na Comarca da Mariña.
- 3.- Hai anos na Delegación de Pesca de Celeiro levábanse a cabo cursos que agora desapareceron. Algúns dos cales se están a organizar a través de academias privadas.
- 4.- A infrutilización do centro Vicente Gradañlle de Celeiro, da Confraría de Pescadores de Celeiro, homologada pola Dirección de Mariña Mercante na Resolución do 14 de agosto de 2003.



5.- No caso de acceder á teleformación ofertada pola Consellería do Mar, deben desprazarse ás provincias da Coruña e Pontevedra para a realización dos exames presenciais.

6.- A oferta formativa, que case se pode definir como nula na comarca, obriga incluso a ter que realizar ou revalidar os cursos fóra da nosa Comunidade Autónoma, co conseguinte custo económico e co agravante da falla de tempo dos traballadores do mar, sobre todo no caso da pesca de altura onde deben de quedar en terra unha marea, para poder acceder a eses cursos sen os cales non poderían embarcar.

A pesar da importancia do sector pesqueiro na provincia de Lugo e a necesidade de persoal con titulación marítimo-pesqueira para cubrir a demanda da flota da Mariña lucense e garantir o relevo xeracional, a oferta formativa existente é non só insuficiente senón que supón un agravio comparativo co resto das provincias costeiras de Galicia.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a elaborar un plan integral de formación náutico-pesqueira para a Mariña lucense, no que se contemple a emisión de Certificados de Profesionalidade Marítimo-Pesqueira, organización de cursos para a adquisición e revalidación de competencias necesarias, creación dunha escola que imparta todos os grados formativos de actividades náutico-pesqueiras, e implantación da FP dual como a que xa está a funcionar en comunidades veciñas nesta especialidade.

Pazo do Parlamento, 4 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 04/10/2018 18:05:42

María Dolores Toja Suárez na data 04/10/2018 18:05:53

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/10/2018 18:06:07



(0041254) Emendas dos Grupos Parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2018 18:06:51
Nº Rexistro: 41254
Data envío: 03/12/2018 18:06:51.727

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa do deputado Daniel Vega Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte emenda á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia "Sobre a elaboración por parte do Goberno galego dun plan integral de formación náutico-pesqueira para a Mariña lucense." ((10/PNP-002845(38254))).

Emenda de substitución

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a elaborar e desenvolver da man do sector, un plan integral de formación náutico-pesqueira para a Mariña lucense, no que se contemple a emisión de Certificados de Profesionalidade Marítimo-Pesqueira, organización de cursos para a adquisición e revalidación de competencias necesarias e a analizar a disposición da demanda para a implantación nos centros existentes na mariña de ciclos de formación náutico pesqueira e da FP dual como a que xa está a funcionar na nosa comunidade nesta especialidade."

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/12/2018 16:40:02

Daniel Vega Pérez na data 03/12/2018 16:40:11

CSV: REXISTRO-HQZ0IX6-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramos/csv/



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

(0041257) Emendas dos Grupos Parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2018 18:13:51
Nº Rexistro: 41257
Data envío: 03/12/2018 18:13:51,689

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **38254 [10/PNP-002845]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre a elaboración por parte do Goberno galego dun plan integral de formación náutico-pesqueira para a Mariña lucense, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 4 de decembro de 2018.

Emenda de supresión

Eliminar na parte final do texto o seguinte: “e implantación da FP dual como a que está a funcionar en comunidades veciñas nesta especialidade.”

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2018 18:13:51
Nº Rexistro: 41257
Data envío: 03/12/2018 18:13:51.689

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 03/12/2018 17:26:02

Ana Pontón Mondelo na data 03/12/2018 17:26:06

CSV: REXISTROaMjxogS-8
Verificación:
<https://seccs.parlamentodegalicia.gal/franquesa/csv/>



4.4 10/PNP-002917 (0039171)

Grupo Parlamentario de En Marea - Antón Sánchez García
Grupo Parlamentario de En Marea - David Rodríguez Estévez

Sobre a defensa polo Goberno galego dun plan estratéxico propio para Galicia cara ao vindeiro período da Política Agraria Común

(0039171) Entrada da iniciativa



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García e Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

En agosto deste ano, a ex-conselleira de Medio Rural, Ángeles Vázquez, asinou coas organizacións agrarias e cooperativas un documento no que se reflexaba a postura institucional do Goberno cara a reforma da política agraria común (PAC). O documento foi entregado ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que as achegas de Galicia estiveran presentes na posición de España como Estado membro da Unión Europea (UE). No texto reclamábase un único plan estratéxico por Estado para as axudas da PAC, que recollera as singularidades de cada comunidade autónoma. Así, a Xunta fixaba “a postura da Comunidade Autónoma ante a futura Política Agraria Común, ao obxecto de que a mesma garanta a consecución dun sector agrario rexional rendible, sustentable e innovador, que fixe poboación no medio rural”.

No punto primeiro do documento dicíase literalmente “1) A Comisión mantén a proposta de que cada país deseñe un modelo propio de aplicación elaborando un plan estratéxico nacional dando máis capacidade aos estados membros para adaptar a PAC á súa realidade territorial, produtiva e sectorial”.

Máis adiante, engadíase: “Consideramos imprescindible que tal como establece o proxecto de Regulamento haxa un único Plan estratéxico da PAC por Estado



membro. (...) O novo regulamento debe establecer criterios uniformes para todos os estados”.

Recentemente, o actual conselleiro de Medio Rural, José González, acudiu ao Consello de Ministros de Agricultura da UE acompañado polo ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas. No Consello defendeu a posición que se expuxera no documento, polo que, oficialmente, Galicia apostou diante de Europa por un único plan estratéxico por Estado que tivera en conta as singularidades autonómicas, co obxecto de simplificar a tramitación e garantir a igualdade de oportunidades entre os beneficiarios. Isto podería ter sido doutra maneira moi distinta, como demostraron Cataluña e o País Vasco, que optaron por propoñer un plan estratéxico da PAC propio. Esta iniciativa xa a contempla a Comisión Europea, que permite plans estratéxicos rexionais adaptados ás necesidades dos territorios. Non fai falla subliñar que contar cun plan propio para Galicia sería de moito proveito, xa que se adaptaría mellor ás nosas peculiaridades e as nosas necesidades específicas.

Porén, o Goberno da Xunta optou por demandar un único plan estratéxico, na liña do que xa fixera o anterior goberno central, así como o actual. Isto contradí a vontade expresada por Medio Rural de atender ás diferencias e especificidades de cada comunidade.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta a defender que Galicia conte cun plan estratéxico propio de cara ao vindeiro período da PAC.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2018.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2018 12:24
Nº Rexistro: 39171
Data envío: 19/10/2018 12:24:54.991

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Deputado do G.P. de En Marea
Antón Sánchez García
Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 19/10/2018 12:08:17

David Rodríguez Estévez na data 19/10/2018 12:08:25

(0041238) Emendas dos Grupos Parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2018 17:02:21
Nº Rexistro: 41238
Data envío: 03/12/2018 17:02:21,378

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, **Raúl Fernández Fernández**, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre a defensa polo Goberno galego dun plan estratéxico propio para Galicia cara ao vindeiro período da Política Agraria Común (10/PNP-002917, doc. núm. 39171)

Emenda de modificación

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a defender que Galicia conte cun plan estratéxico propio, dentro dos límites establecidos no artigo 93 do Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello 2018/0216 (COD), de cara ao vindeiro período da PAC, tal e como establece, tamén, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación no documento titulado “La Política Agrícola Común post 2020: una respuesta desde España” do 12 de novembro de 2018.””

Pazo do Parlamento, 3 de decembro de 2018

Asdo.: Raúl Fernández Fernández
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 03/12/2018 16:18:03

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/12/2018 16:18:09



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

4.5 10/PNP-002945 (0039526)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Tellado Filgueira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles Antón Vilasánchez

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Moisés Blanco Paradelo

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Moisés Rodríguez Pérez

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Nóvoa Iglesias

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Cristina Isabel Romero Fernández

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Sandra Vázquez Domínguez

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Diego Calvo Pouso

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Manuel Rey Varela

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central do asinamento da orde de construción das cinco fragatas F-110 da Armada Española no estaleiro de Navantia, na comarca de Ferrol, así como a garantía dos investimentos tecnolóxicos e das infraestruturas necesarias para promover a conversión desa factoría nun estaleiro 4.0

(0039526) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 39526
Data envío: 31/10/2018 14:48:44.279

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Tellado Filgueira, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Sandra Vázquez Domínguez, Diego Calvo Pouso e José Manuel Rey Varela**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Navantia é unha peza estratéxica da economía non só de Ferrolterra, senón tamén de Galicia, que represente o 16% do PIB industrial da provincia da Coruña e o 24% do seu emprego industrial, cifras que son unha boa mostra do que esta empresa pública estatal significa dentro do tecido industrial e do sector naval en particular.

De feito, os estaleiros da Ría de Ferrol están contribuíndo a que nosa comunidade conte con preto de 38.500 traballadores vencellados ao sector naval e á industria auxiliar e que as afiliacións medrasen un 6% no último ano.

Para apuntalar esta recuperación, e garantir o mantemento destes postos de traballo así como a creación doutros novos, resulta esencial que Navantia sega xogando un papel destacado a través de novos proxectos construtivos como as cinco fragatas F-110 da Armada Española, que foi comprometido polo anterior Goberno de España, e que xa ten consignados unha partida próxima aos 252 millóns de euros nos Orzamentos Xerais do Estado para este 2018.

Sen embargo, a realidade a dous meses do remate do 2018 é que aínda non se ten establecida unha data para a sinatura do contrato técnico deste proxecto, sendo especialmente urxente a súa posta en marcha de cara a cumprir coa planificación establecida.

O mesmo sucede cos investimentos dirixidos á modernización das infraestruturas de Navantia en Ferrol co obxecto de integrar as novas tecnoloxías para o sector en relación coa dixitalización e o modelo Industria 4.0, na medida que resultan esenciais



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 39526
Data envío: 31/10/2018 14:48:44.279

para a conversión en “factorías intelixentes” con capacidade de competir a nivel global nas próximas décadas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que requira do Goberno de España:

- 1) A firma, dentro deste ano, da orde de execución das fragatas F-110, un encargo imprescindible para a creación de máis de 7.000 empregos.
- 2) Garantir os investimentos tecnolóxicos e as infraestruturas que son necesarias para promover a conversión da factoría de Navantia nun Estaleiro 4.0.”.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 31/10/2018 14:28:59

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 31/10/2018 14:29:12

María Antón Vilasánchez na data 31/10/2018 14:29:21

Moisés Blanco Paradelo na data 31/10/2018 14:29:27

Moisés Rodríguez Pérez na data 31/10/2018 14:29:32

Marta Novoa Iglesias na data 31/10/2018 14:29:40

Cristina Isabel Romero Fernández na data 31/10/2018 14:29:47

Sandra Vázquez Domínguez na data 31/10/2018 14:29:54

Diego Calvo Pouso na data 31/10/2018 14:30:01

José Manuel Rey Varela na data 31/10/2018 14:30:07

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



(0041235) Emendas dos Grupos Parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 03/12/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 41235
 Data envío: 03/12/2018 14:29:49,896



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Emenda á Proposición non de lei**, doc. núm. **39526**, do Grupo Parlamentario Popular, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central do asinamento da orde de construción das cinco fragatas F-110 da Armada Española no estaleiro de Navantía, na comarca de Ferrol, así como a garantía dos investimentos tecnolóxicos e das infraestruturas necesarias para promover a conversión desa factoría nun estaleiro 4.0 (10/PNP-002945).

Emenda de Adición

Débese engadir na parte resolutiva da proposición non de lei os seguintes puntos:

- 3.- Desenvolver todas as iniciativas, tanto propias como ante a SEPI e o Ministerio de Industria, para poñer en marcha o Plan Industrial de Navantía.
- 4.- Esixir á dirección da SEPI e de Navantía que todas as saídas de persoal previstas no futuro Plan Industrial sexan cubertas por novo persoal cualificado en número, como mínimo, igual ao das baixas.
- 5.- Instar a dirección da SEPI e de Navantía a que a planificación das saídas e entradas de novo persoal permita un solapamento suficiente no tempo que garanta a necesaria transferencia de coñecemento.

CSV: REXISTRO-GLBQ2U3q-5
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramen/ver/convf>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 03/12/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 41235
 Data envío: 03/12/2018 14:29:49.896



4.- Acelerar na Xunta de Galicia en colaboración co Concello de Ferrol estratexias ou actuacións para rematar o estudo de impacto medioambiental para o dique seco de Navantia en Caranza, elemento fundamental para dar viabilidade ao Plan Industrial, o desenvolvemento do estaleiro 4.0 e a competitividade do estaleiro.

5.- Instar ao Goberno a aportar información do financiamento previsto para desenvolver o Plan industrial e para reordenar o equilibrio das contas de Navantia.

6.- Trasladar ao Goberno o interese da Xunta de Galicia en estar representada en todas as reunións e negociacións que se desenvolvan para dar cumprimento aos anteriores puntos.

7.- A esixir ao Ministerio de Industria e á dirección da SEPI a inclusión da Xunta de Galicia no Consello de Administración de Navantia.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal
 Deputado do G.P. de En Marea
 Luís Villares Naveira
 Voceiro do G.P. de En Marea.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 41235
Data envío: 03/12/2018 14:29:49.896



Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 03/12/2018 14:24:49

Luis Villares Naveira na data 03/12/2018 14:24:58

CSV: REXISTROGLBQJ2U3q5
Verificación:
<https://seccs.parlamentodegalicia.gal/franques/csv/>



(0041245) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do deputado, José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160.1 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central do asinamento da orde de construción das cinco fragatas F-110 da Armada Española no estaleiro de Navantia, na comarca de Ferrol, así como a garantía dos investimentos tecnolóxicos e das infraestruturas necesarias para promover a conversión desa factoría nun estaleiro 4.0 (doc. núm. 39526).

Emenda de modificación

No punto 1 da parte resolutiva da iniciativa onde di: “..., dentro deste ano, ...”, debe dicir: “... coa máxima urxencia, ...”

Pazo do Parlamento, 3 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/12/2018 16:50:34

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/12/2018 16:50:40



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



(0041261) Emendas dos Grupos Parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 03/12/2018 18:22:37
Nº Rexistro: 41261
 Data envío: 03/12/2018 18:22:37,095

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **39526 [10/PNP-002945]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central do asinamento da orde de construción das cinco fragatas F-110 da Armada Española no estaleiro de Navantia, na comarca de Ferrol, así como a garantía dos investimentos tecnolóxicos e das infraestruturas necesarias para promover a conversión desa factoría nun estaleiro 4.0, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 4 de decembro de 2018.

Emenda de adición

Engadir o seguinte texto:

“3) O traslado á fiscalía anticorrupción de toda a información da que dispoña a respecto da demora na construción das fragatas F110 por parte de Navantia para o estudo das posíbeis accións constitutivas de delito.

Así mesmo, instase a Xunta a:

a) comprometerse coa diversificación industrial na comarca de Ferrol que supoña o levantamento real do veto á construción civil, a comezar por impulsar un mesmo complexo integral que garanta o impulso do aproveitamento dos estaleiros da ría como un todo.

b) dar cumprimento ao punto 1 do artigo 4º da Lei do sector naval de Galiza, que establece que “a Xunta de Galicia negociará co Estado a súa participación na

CSV: REXISTROXGNG7p9qx-7
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2018 18:22:37
Nº Rexistro: 41261
 Data envío: 03/12/2018 18:22:37.095

xestión das empresas públicas estatais integradas no sector naval de Galicia que, pola súa natureza, non poidan ser obxecto de traspaso” para poñer fin á falta de información, coordinación e impulso ao naval galego.

c) facer seguimento do impacto negativo que poidan ter no posicionamento de mercado do naval galego as acusacións verquidas por Noruega ao fío do afundimento da fragata KNM Helge Ingstad (F-313) e implicarse nas accións conducentes a minoralo.”

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/12/2018 18:20:37

Ana Pontón Mondelo na data 03/12/2018 18:20:43

CSV: REXISTRO-Galicia/2018-12-03/18:20:43
 Verificación:
<https://seccs.parlamentodegalicia.gal/ramtas/csv/>



4.6 10/PNP-003000 (0040088)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas vítimas do franquismo soterradas en fosas comúns en Galicia, así como con aquelas iniciativas promovidas polo Goberno central ou por comunidades autónomas nas que existan persoas galegas desaparecidas



(0040088) Entrada da iniciativa



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 12:40
Nº Rexistro: 40088
Data envío: 12/11/2018 12:40:49.082

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O Parlamento galego aprobou no pasado mes de outubro unha proposta de resolución pola que se insta a todas as administracións a consensuar e coordinar as actuacións para localizar, exhumar e trasladar para un enterramento digno os restos de vítimas do franquismo.

Trátase dun acordo moi xenérico que debe ser obxecto de concreción e impulso polo goberno galego, en coordinación co goberno do Estado e coas administración locais. Tamén debe contar coa participación das asociacións de memoria histórica e coas familias das vítimas.

2. No período 2005-2009, o goberno galego impulsou diversas liñas de actuación en relación coa recuperación da memoria histórica. No ámbito da investigación, promoveu e financiou o Proxecto Nomes e voces, que se convertiu nun referente estatal do estudo da represión franquista. Un dos resultados deste Proxecto foi a elaboración dun mapa de localización de foxas, nas que se



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax: 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 12:40
Nº Rexistro: 40088
Data envío: 12/11/2018 12:40:49.082

distinguen as escavadas e exhumadas, as escavadas en cemiterios e as que están sen escavar e exhumar.

Por outra parte, o goberno galego promoveu nun Plan de exhumación de foxas e asinou un convenio a finais do ano 2008 co Instituto de Medicina Legal de Galiza para a coordinación dos traballos antropolóxico-forenses, e co Instituto de Medicina Legal da USC, para a realización das análises xenéticas.

Tanto o Proxecto Nomes e Voces como as actuacións encamiñadas á levar a cabo a exhumación de foxas ficaron paralizadas a partir do ano 2009 coa chegada do PP ao goberno da Xunta.

Pasaron pois nove anos de ausencia absoluta de políticas de memoria histórica, o que sitúa a Galiza nun deshonroso posto de desleixo e desprezo cara ás vítimas da represión franquista que aínda permanecen desaparecidas.

É tempo pois de recuperar o tempo perdido, desenvolvendo un plan plurianual de traballo que permita investigar, localizar, exhumar, identificar e dar un enterramento digno ás vítimas do franquismo que están soterradas en foxas común.

E cómpre facelo con rigor, cos medios técnicos, materiais e económicos necesarios, seguindo os protocolos establecidos e contando coa participación das familias e das asociacións de memoria histórica.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 12:40
Nº Rexistro: 40088
 Data envío: 12/11/2018 12:40:49.082

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta ao goberno galego a

1. Elaborar e aprobar, coa participación das entidades locais, universidades e asociacións de memoria histórica, un Plan plurianual de investigación, localización, exhumación e identificación das vítimas do franquismo que están soterradas en foxas comúns en Galiza. O procedemento para a localización basearase na investigación por parte dun equipo multidisciplinar que teña en conta as fontes orais, as probas documentais e a relación de indicios que a xustifiquen. Os traballos de exhumación e identificación realíranse por equipos profesionais, con financiamento público e de conformidade cos protocolos establecidos. O obxectivo último do plan debe ser a entrega dos restos ás familias e o desenvolvemento de actos de enterramento digno.

2. Creación dun Banco de ADN, dependente do Instituto de Medicina Legal de Galiza (IMELGA) para recoller mostras procedentes dos restos óseos de persoas procedentes das exhumacións, así como das persoas que soliciten a toma de mostras para secuenciar o seu ADN e poder comparalo coas do Banco. Para a coordinación dos traballos antropolóxico forenses e para a realización das análises xenéticas poderán aprobarse convenios co Instituto de Medicina Legal de Galiza (IMELGA) e co Instituto de Medicina Legal da USC.

3. Iniciar o Plan de exhumación de foxas no ano 2019 e facer as achegas económicas necesarias para garantir a súa continuidade durante un período



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 12:40
Nº Rexistro: 40088
 Data envío: 12/11/2018 12:40:49.082

mínimo de 5 anos. A tal fin poderanse asinar convenios coas deputacións e cos concellos nos que se atopan as foxas.

4. Colaborar coas iniciativas promovidas polo goberno do Estado ou por comunidades autónomas nas que existan persoas galegas desaparecidas, nomeadamente co Proxecto de localización e exhumación das vítimas da Fuga de Ezkaba que promove o goberno de Nafarroa.”

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 12/11/2018 12:38:44



REGISTRO
15702 GALICIA
04/12/2018

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 12:40
Nº Rexistro: 40088
Data envío: 12/11/2018 12:40:49.082

María Montserrat Prado Cores na data 12/11/2018 12:38:50

Ana Pontón Mondelo na data 12/11/2018 12:38:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/11/2018 12:38:54

Olalla Rodil Fernández na data 12/11/2018 12:38:56

Noa Presas Bergantiños na data 12/11/2018 12:38:58



(0041262) Emendas dos Grupos Parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 03/12/2018 18:23:27
Nº Rexistro: 41262
 Data envío: 03/12/2018 18:23:27,990



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada Ánxeles Cuña Bóveda e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. núm. 40088, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas vítimas do franquismo soterradas en fosas comúns en Galicia, así como con aquelas iniciativas promovidas polo Goberno central ou por comunidades autónomas nas que existan persoas galegas desaparecidas; incluída na orde do día da sesión plenaria do 4 de decembro de 2018. (10/PNP-003000).

Emenda nº 1 de Modificación

Débase substituír o texto do punto 1 polo seguinte:

1. Elaborar un Plan Xeral de Reparación Integral enmarcado nun proxecto máis amplo que derive da creación dunha Lei Galega de Memoria Histórica Democrática e que leve, entre outros obxectivos, á elaboración do Mapa completo de foxas, coa documentación accesible á toda a cidadanía. O procedemento debe partir dun proceso de investigación rigorosa realizada por expertos/as e equipos profesionais con financiamento público e tendo tamén en conta ás familias das vítimas.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 03/12/2018 18:23:27
Nº Rexistro: 41262
 Data envío: 03/12/2018 18:23:27.990



Emenda nº 2 de Modificación

Débese substituír o punto 3 da parte resolutiva polo seguinte:

3. crear un centro documental da Memoria Histórica de Galicia, mentres tanto, facer os esforzos necesarios para promover o acceso á información dos arquivos a investigadores e particulares.

Emenda nº 3 de Adición

Débese engadir o seguinte punto:

5. Crear unha Comisión non permanente que atenda as peticións das vítimas, que escoite a expertas de cara á asunción por parte das Institucións de Galicia das conclusións de dita comisión e que contemple tamén as recomendacións do informe sobre o Estado español do relator especial da ONU para a verdade, a xustiza, a reparación e as garantías de non repetición.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

CSV: REXISTRO-IWO/SN/23-1
 Verificación:
<https://seccs.parlamentodegalicia.gal/franquea/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2018 18:23:27
Nº Rexistro: 41262
Data envío: 03/12/2018 18:23:27.990



Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 03/12/2018 18:22:44

Luis Villares Naveira na data 03/12/2018 18:22:52

CSV: REXISTRO-IWOSN/23-1
Verificación:
<https://sece.parlamentodegalicia.gal/franquea/csv/>





4.7 10/PNP-003026 (0040278)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto das intencións do Goberno central referidas á implantación de peaxes nas autovías

(0040278) Entrada da iniciativa



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días goberno central, a través do Ministro de Fomento, lanzou unha proposta que abre a porta a impor peaxes en todas as autovías.

Desde o BNG queremos amosar a nosa rotunda oposición a esta medida polas seguintes razóns:

1º- é unha medida regresiva, que só ten afán recadatorio: as e os cidadáns xa contribuímos cos nosos impostos á pagar a construción e mantemento das autovías,

2º- discrimináanos como galegas e galegos, pois detrás da apelación a unha suposta igualdade no pago de peaxes nas autovías, escóndese unha discriminación: os galegos e galegas temos salarios e as pensións das máis baixas do estado, polo que teríamos que facer un esforzo maior.

3º- pon en risco a seguridade viaria establecendo barreiras económicas para o acceso a vías máis seguras,



4º- lastra o desenvolvemento económico e a cohesión social de Galiza, pois imporá novas peaxes para a distribución e barreiras para exportación de mercadorías producidas na Galiza.

Cómpre deixar clara a resposta ante esta medida, que só agravaría a discriminación que ben sufrindo Galiza en relación coas peaxes que vimos soportando nas autoestradas que dependen do estado.

Polo dito formulamos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza amosa a súa rotunda oposición á intención do goberno central de establecer peaxes nas autovías, por consideralo unha medida regresiva, que establece barreiras económicas no acceso á servizos básicos como son as infraestruturas viarias, pon en risco a seguridade viaria e que supón un atranco o desenvolvemento económico e a cohesión social na Galiza.”

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 10:14
Nº Rexistro: 40278
Data envío: 15/11/2018 10:14:17.966

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 15/11/2018 10:07:56

María Montserrat Prado Cores na data 15/11/2018 10:08:02

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/11/2018 10:08:04

Olalla Rodil Fernández na data 15/11/2018 10:08:05

Noa Presas Bergantiños na data 15/11/2018 10:08:07

Xosé Luis Bará Torres na data 15/11/2018 10:08:08

(0041247) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición no de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto das intencións do Goberno central referidas á implantación de peaxes nas autovías (doc. núm. 40278).

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º) Dirixirse ao Ministerio de Fomento coa finalidade de que se elabore un estudo que determine o modelo máis eficiente e menos gravoso para a cidadanía para ao financiamento do mantemento da rede de autovías estatais.

2º) Dirixirse ao Goberno do Estado para que se establezan mecanismos de solidariedade con aquelas comunidades autónomas nas que existen autoestradas estatais de peaxe cun prazo máis longo de concesión, que permitan a redución das citadas peaxes coa finalidade de evitar discriminacións territoriais no acceso a esta infraestrutura.

3º) Establecer de xeito inmediato a rebaixa das peaxes para a totalidade das persoas usuarias das autoestradas titularidade da Xunta de Galicia.

Pazo do Parlamento, 3 de decembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/12/2018 17:34:41

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2018 17:37:56
Nº Rexistro: 41247
Data envío: 03/12/2018 17:37:56.562

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/12/2018 17:34:48

CSV: REXISTRO-Y01wNwz-9
Verificación:
<https://seccs.parlamentodegalicia.gal/ramtes/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

4.8 10/PNP-003031 (0040356)

Grupo Parlamentario de En Marea - Carmen Santos Queiruga

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co actual esquema retributivo dos responsables públicos de Galicia

(0040356) Entrada da iniciativa



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada e voceira suplente **Carmen Santos Queiruga** e ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise económica e as súas nefastas consecuencias foi sentida como unha estafa por grande parte da cidadanía. Esta percepción veu xerada por diferentes motivos. Uns dos máis relevantes, que ocasionou grande indignación a milleiros de cidadáns e cidadás, é que mentres os executivos no goberno aplicaban duros recortes sociais e laborais ao conxunto da cidadanía rebaixando as súas condicións de vida, este *modus operandi* aplicado sen compaixón á maioría social non era equivalente na súa aplicación aos altos cargos e directivos en todos os eidos, nin eran equivalentes na súa aplicación para tender á redución do gasto público, aos salarios e privilexios de innumerables cargos políticos e cargos públicos.

Certos partidos e executivos, intentan xustificar e defender estas políticas para non aplicar novas formas de limitación salarial con carácter exemplificante, ademais de para reducir o gasto público, dicindo que non se arranxa nada con estas medidas, que non se poden ter políticos low cost, que non supón un aforro orzamentario significativo ou que son medidas “populistas”. Sen embargo, vimos como **Alberto Núñez Feijóo** baseou a súa campaña electoral do 2009 na denuncia do despilfarro en supostos coches de luxo e en soldos de conselleiros e



de cargos de "chiringuitos" do bipartito. Unha agresiva campaña que tivo impacto nos medios e coa que conseguiu chegar á Presidencia da Xunta.

Nove anos despois, e xa afianzado como presidente con tres gobernos consecutivos de maioría absoluta, aquelas denuncias de despilfarro parece que non existiron, e o Partido Popular de Galicia acusa a quen denuncia estas prácticas de maneira reiterada de “populistas”.

Agora mesmo, o presidente defende os soldos astronómicos para cargos e entidades que moitos cidadás e cidadáns poden percibir como chiringuitos, como é o caso do Suplusa, da Deputación de Lugo.

Para o goberno da Xunta e o seu presidente, a crise rematou ou non, según a súa conveniencia política, ou de intereses que nada teñen que ver cos dos cidadáns que ten que gobernar. Feijóo apoiou que o seu partido aprobara para o ex socialista, e deputado non adscrito en Lugo, Manuel Martínez, un salario superior aos 71.000 euros, case o mesmo que cobra el mesmo como Presidente da Xunta, que cobra 72.000 euros de salario.

Os argumentos dados para xustificar esta situación son certamente esperpénticos porque din que sen este soldo Suplusa non podería funcionar, cando Manuel Martínez cobra como alcalde de Becerreá máis de **de 40.000 euros e ten outro salario aprobado como deputado non adscrito de 50.000 euros**. O que observamos son escusas para colocar a unha clientela política e pagala cos cartos de todos e todas.

Este tipo de prácticas, que agochan accións escurantistas e clientelares, teñen o noso total rexeitamento porque ademais de non ser éticas, e en certos casos dubidosamente legais, son infames xa que se sufragan cos cartos de todos e de todas. Este tipo de accións e decisións avergoñan e indignan ao conxunto da cidadanía, máis tendo en conta o dramático precedente dos distintos casos de caciquismo, financiamento ilegal e corrupción do Partido Popular en Galicia e no



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 17:52
Nº Rexistro: 40356
Data envío: 15/11/2018 17:52:39.735



Estado, que teñen na actualidade sentenzas xudiciais condenatorias e toda a repulsa de grandes sectores cidadáns, e por suposto do Grupo de En Marea. Este caso, desafortunadamente, non é un caso illado se non un exemplo máis dunha forma de gobernar. Como non podía ser doutro xeito, En Marea está radicalmente en contra deste modelo de goberno.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Realizar un estudo no que se analice o actual esquema retributivo dos responsables públicos galegos.
- 2.- Realizar unha proposta que amose un compromiso real para establecer unha política retributiva máis transparente e coherente co fin de reducir o gasto total en soldos públicos.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga
Deputada e Voceira S. do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 15/11/2018 17:51:58



(0041249) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co actual esquema retributivo dos responsables públicos de Galicia (doc. núm. 40356)

Emenda de modificación

No punto 2 da parte resolutiva da iniciativa, onde di: "... gasto total en soldos públicos ...", debe dicir: "... gasto total en cargos públicos autonómicos."

Emenda de adición

Débase engadir un novo punto 3 na parte resolutiva da iniciativa, que terá o seguinte contido:

"3.- A incluír nos cadros de persoal que forman parte da información dos orzamentos xerais anuais da Comunidade Autónoma de Galicia o número, categorías e retribucións de persoal eventual e de gabinete."

Pazo do Parlamento, 3 de decembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/12/2018 17:04:13

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/12/2018 17:04:24

CSV: REXISTRO-JEZwSHQWn-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramos/csvf



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

